

A PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO DOS CONCELLOS

(Liquidación Definitiva Ano 2011)

Neste ano 2011, 7.503 concellos (308 galegos) estaban integrados no ámbito do réxime xeral (no que o reparto se regula polos criterios de poboación, esforzo fiscal e inverso da capacidade tributaria), e percibiron un montante de **3.912,30 Millóns de Euros**, o **40,12 %** do total.

Pola súa parte, os 90 concellos integrados no réxime de cesión, entre os que estaban as sete grandes cidades galegas, recibiron unha contía de **5.839,47 Millóns de Euros**, que representa o **59,88 %** da cantidade global.

Seguindo ás mesmas pautas de anos anteriores, a Participación nos Ingresos do Estado dos concellos está marcada polo desequilibrio existente entre o que perciben os municipios maiores de 500.000 habitantes e os restantes concellos, o que tamén serve para explicar os resultados por Comunidades Autónomas.

Así, tan só tres delas superan (amplamente) a media por habitante; Cataluña e a Comunidade de Madrid, pola participación que lle correspondeu ás cidades de Barcelona e Madrid, e Aragón, pola incidencia da participación da Cidade de Zaragoza. As seis cidades que superan os 500.000 habitantes (Madrid, Barcelona, Valencia, Zaragoza, Sevilla e Málaga) contan cun **17% da poboación total** e perciben **un tercio da contía total a repartir**.

En canto aos restantes grupos de poboación, a participación por habitante é xenericamente crecente en aqueles concellos con maior poboación, aínda que as diferenzas entre eles son substancialmente menores con respecto ás que se manifestan cos concellos que superan os 500.000 habitantes.

Nos concellos integrados no réxime xeral, segue tendo especial incidencia o criterio de poboación, que ten un peso específico no reparto por variables do 75%, e que discrimina positivamente mediante

un coeficiente aos concellos en función do tramo no que estean, sendo os máis favorecidos os concellos entre 50.000 e 75.000 Habitantes. Galicia non tivo neste ano 2011 ningún municipio neste estrato poboacional, aínda que o vindeiro ano si contará cóncello de Ferrol, que por motivo do descenso dos seus habitantes, integrárase neste sistema. En todo caso, e neste réxime, o mantemento do modelo dende o ano 2004, con criterios moi discutibles, está xerando un importante desequilibrio financeiro.

Ao carón do criterio de poboación, que afecta especialmente, e negativamente na maioría dos casos que se produciron en Galicia a aqueles concellos que varían de tramo poboacional, atopamos un máis que discutible criterio de cálculo do esforzo fiscal (cun peso específico do 12,5% do reparto), e unha disparatada variable, o inverso da capacidade tributaria (do que depende o restante 12,5%), que está xerando graves problemas nas economías dun número importante de concellos, singularmente polas excesivas e inexplicables diferenzas que se producen entre a entrega a conta e a liquidación definitiva, problemática que está sendo crecente pola permanencia dun sistema que, atendendo aos resultados, debeuse reformular hai xa moito tempo, en aras de lograr unha distribución coherente dos recursos da PIE, e que na actualidade é irracional.

Finalmente, hai que apuntar que a cantidade percibida polos concellos galegos en termos per cápita, **177,72 Euros**, volve a estar un ano máis moi lonxe da media, **219,82 Euros por habitante**, situándose no grupo das cinco Comunidades Autónomas que menos reciben. Esta diferenza negativa de **42,1 Euros por habitante** supón unha perda global en termos poboacionais de **120 Millóns de Euros respecto á media**.

ANÁLISE DA PARTICIPACIÓN DEFINITIVA NOS INGRESOS DO ESTADO DOS CONCELLOS GALEGOS

A participación definitiva nos ingresos do Estado dos concellos galegos para o ano 2011 ascendeu a **496,8 Millóns de €**, dos que **279,5 Millóns** corresponderon aos 308 concellos integrados no réxime

xeral (o 56,27%) e **217,3 Millóns de Euros** (o 43,73 %), ás sete grandes cidades galegas, que neste ano estaban incluídas no réxime de cesión.

ANÁLISE DO REPARTO NO REXIME XERAL PARA OS CONCELLOS GALEGOS

22

PARTICIPACIÓN DEFINITIVA ANO 2011	TRAMOS DE POBOACIÓN	POB. 2011	Nº CONCELLOS	TOTAL PARTICIPACIÓN 2011	€/ HAB.
	Ata 1.000 Hab.	14.248	20	2.361.831	165,77
	Entre 1.000-5.000 Hab.	445.509	179	66.550.628	149,38
	Entre 5.001-10.000 Hab.	395.382	58	61.084.717	154,50
	Entre 10.001-20.000 Hab.	509.859	36	77.990.460	152,96
	Entre 20.001-50.000 Hab.	430.576	15	71.543.090	166,16
	TOTAL	1.795.574	308	279.530.727	155,68

REPARTO POR CRITERIOS (Euros por Habitante)	TRAMOS DE POBOACIÓN	POB.	ESFORZO FISCAL	INVERSO CAPACIDADE TRIBUTARIA	PARTICIPACIÓN POR IAE
	Ata 1.000 Hab.	95,31	15,22	28,11	8,55
	Entre 1.000-5.000 Hab.	95,31	11,88	32,32	6,87
	Entre 5.001-10.000 Hab.	111,51	11,93	23,88	7,58
	Entre 10.001-20.000 Hab.	111,51	13,38	20,30	8,24
	Entre 20.001-50.000 Hab.	123,90	13,09	22,07	7,86
	MEDIA GALICIA	110,33	12,64	24,56	7,67
	MEDIA ESTATAL	114,36	19,06	19,06	9,70

CRITERIO DE POBOACIÓN

Por aplicación dos coeficientes contidos nos criterios de reparto, os concellos con máis habitantes (en función do tramo de poboación) perciben unha maior contía per cápita por esta variable.

ESTRATO DE POBOACIÓN	COEFICIENTE
Ata 5.000 Hab.	1,00
De 5.001- 20.000 Hab.	1,17
De 20.001-50.000 Hab.	1,30
De máis de 50.000 Hab.	1,40

Así, os concellos menores de 5.000 Habitantes reciben na participación definitiva para o ano 2011 por aplicación deste criterio **95,31 Euros por habitante**, os municipios entre 5.000 e 20.000 habitantes **111,51 Euros per cápita**, os concellos entre 20.000 e 50.000 Habitantes **123,90**, e finalmente os municipios de máis de 50.000 habitantes (neste estrato non había ningún galego no ano 2011) **133,43 Euros por habitante**.

Por elo, tan só os concellos maiores de 20.000 habitantes de Galicia (15 de 308 integrados neste réxime) perciben por este criterio unha cantidade maior con respecto aos **114 Euros por Habitante medio**.

CRITERIO ESFORZO FISCAL

Os concellos galegos perciben por esta variable unha cantidade moi inferior con respecto aos demais concellos do Estado . De feito, tan só 18 dos 308 concellos de Galicia superan os **19,06 euros por habitante da media estatal**.

A fórmula e as variables que serven para determinar os índices de reparto do criterio son moi cuestionables. Atendendo aos resultados acadados, o chamado "Esfuerzo Fiscal" prima máis a capacidade económica que a responsabilidade fiscal de cada concello, o que acrecenta o xa de por si desequilibrio económico existente entre os distintos municipios.

CRITERIO INVERSO DA CAPACIDADE TRIBUTARIA

A maioría dos concellos galegos perciben en termos per cápita unha cantidade superior á media por este criterio. Así, 234 dos 308 municipios de Galicia están por enriba dos **19,06 Euros por habitante**.

En todo caso, o máis destacable deste criterio é a gran disparidade de resultados entre os distintos concellos, disparidade que se produce no índice dos propios municipios dun ano ao seguinte. No primeiro caso, e nunha media que en Galicia está fixada nos 24,6 Euros por habitante, as cifras fluctúan dende

concellos que perciben menos de 5 € per cápita ata os que superan os 100 euros por habitante.

Por outra banda, a propia e inexplicable fluctuación que se produce nos mesmos concellos ao longo dos anos, así como no índice aplicado para o reparto da entrega a conta con respecto ao calculado para establecer a participación definitiva, está xerando unha problemática económica que está poñendo en serio risco o equilibrio orzamentario dalgúns concellos.

EFFECTOS NA LIQUIDACIÓN DA PIE PARA O ANO 2011 NO RÉXIME XERAL

Pola súa transcendencia, e despois de facer unha análise da participación definitiva para o ano 2011, cabe facer unha análise da liquidación de cada concello, que foi positiva ou negativa en función da entrega a conta percibida no seu día.

CONCELLOS GALEGOS CON LIQUIDACIÓN POSITIVA

CANTIDADE POSITIVA	Nº DE CONCELLOS
Ata 10.000 €	81
Entre 10.000 e 20.000 €	47
Entre 20.001-50.000 €	34
Entre 50.000 e 100.000 €	11
Entre 100.000 e 200.000 €	5
TOTAL (*)	178

(*) A cantidade total positiva ascendeu a 3.680.745 Euros

CONCELLOS GALEGOS CON LIQUIDACIÓN NEGATIVA (A REINTEGRAR)

CANTIDADE NEGATIVA (A reintegrar)	Nº DE CONCELLOS
Ata - 10.000 €	43
Entre - 10.000 e - 20.000 €	25
Entre - 20.001 e - 50.000 €	39
Entre - 50.000 e - 100.000 €	13
Entre - 100.000 e - 200.000 €	9
-620.886 €	1
TOTAL (**)	130

(* *) A cantidade total a reintegrar ascendeu a 4.714.068 Euros

Para poder valorar a casuística das devolucións negativas dos concellos galegos (en algúns casos moi notable), realízase unha análise comparativa do percibido por cada un dos criterios na entrega a conta e na liquidación posterior.

Obsérvase que dos 62 concellos que teñen que devolver máis de 20.000 Euros, en 46 casos (o 74 %) foi por efecto do criterio " Inverso da Capacidade Tributaria ", en 7 casos (11 %) pola variable " Esfuerzo

Fiscal ", en 6 casos (10 %) polo criterio de poboación (un deles, no que tivo maior incidencia, por cambio de Tramo) e nos restantes 3 casos (5 %) por efecto conxunto de varios criterios.

É evidente, atendendo aos datos deste ano e das pasadas liquidacións da PIE, que esta variable, o Inverso da Capacidade Tributaria, xera unhas importantes disfuncións nos concellos tal e como esta definido actualmente. O feito de que este ano, un concello galego teña que reintegrar ao Estado máis de 600.000 Euros é unha proba da irracionalidade dun criterio que precisamente logra o efecto contrario do que se require e se impón aos concellos neste intre, a estabilidade orzamentaria.

A prolongación deste modelo, que semella non cambiará a curto prazo, e singularmente dos efectos que se derivan deste criterio, seguirá provocando nos vindeiros anos graves ineficiencias e desequilibrios nos orzamentos de distintos concellos, o que é absolutamente contradictorio co marco actual de esixencia e crecente restricción orzamentaria.

> CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

23

> FINANCIACIÓN LOCAL

ANÁLISE DA PARTICIPACIÓN DEFINITIVA NOS INGRESOS DO ESTADO DOS CONCELLOS GALEGOS INTEGRADOS NO RÉXIME DE CESIÓN

PARTICIPACIÓN DEFINITIVA ANO 2011	CONCELLOS	POBOACIÓN 2011	PARTICIPACIÓN DEFINITIVA 2011	€/ HAB.
	CORUÑA (A)	246.028	57.268.707,63	232,77
	FERROL	72.963	15.681.516,29	214,92
	SANTIAGO DE COMPOSTELA	95.207	20.629.340,63	216,68
	LUGO	98.007	19.076.560,95	194,64
	OURENSE	108.002	24.236.024,05	224,40
	PONTEVEDRA	82.400	15.616.752,99	189,52
	VIGO	297.241	64.758.681,64	217,87
	TOTAL	999.848	217.267.584,18	217,30

O sistema de reparto das contías establecidas para o Réxime de Cesión ten tres partes diferenciadas: cesión de impostos (IRPF, IVE, Impostos Especiais), fondo complementario de financiamento e compensación de IAE.

Pero a realidade é que a clave do reparto resultante a atopamos no modelo que existía ata o ano 2004, que primaba extraordinariamente aos concellos maiores de 500.000 Habitantes, diferenza que se consolidou neste período. Por elo, **a media que perciben os concellos galegos** no réxime de cesión sitúase en

217 Euros por Habitante, fronte aos **288 euros per cápita da media estatal**.

En canto a liquidación definitiva, e froito de que todos os concellos galegos tiveron unha entrega a conta inferior ás contías resultantes no cálculo da participación definitiva, a diferenza do que aconteceu no réxime xeral, onde os resultados foron dispares, a liquidación neste ano foi positiva para as sete grandes cidades, con un montante global de **1,3 millóns de Euros**.



PARTICIPACIÓN DEFINITIVA NOS INGRESOS DO ESTADO ANO 2011 (PIE)

PARTICIPACIÓN POR COMUNIDADES ANTÓNOMAS

(Concellos Réxime Xeral e de Cesión incluídas
cantidades compensatorias IAE)

COMUNIDADES	POBOACIÓN 2011	PARTICIPACIÓN DEF.	LIQUIDACIÓN	% POBOACIÓN	% PARTICIPACIÓN DEF.	€/HAB
ANDALUCÍA	8.424.102	1.723.333.051	-1.626.979	18,99%	17,67%	204,57
ARAGÓN	1.346.293	331.176.579	751.100	3,03%	3,40%	245,99
ASTURIAS	1.081.487	209.737.517	361.299	2,44%	2,15%	193,93
BALEARES	1.113.114	198.456.947	26.788	2,51%	2,04%	178,29
CANARIAS	2.126.769	390.105.624	-2.561.174	4,79%	4,00%	183,43
CANTABRIA	593.121	107.033.678	823.362	1,34%	1,10%	180,46
CASTILLA-LEÓN	2.558.463	456.078.585	3.787.233	5,77%	4,68%	178,26
CASTILLA-LA MANCHA	2.115.334	335.976.650	1.123.648	4,77%	3,45%	158,83
CATALUÑA	7.539.618	2.019.642.611	3.546.891	17,00%	20,71%	267,87
CEUTA	80.579	14.864.888	-112.032	0,18%	0,15%	184,48
EXTREMADURA	1.109.367	181.708.909	-954.974	2,50%	1,86%	163,80
GALICIA	2.795.422	496.798.311	291.820	6,30%	5,09%	177,72
MADRID	6.489.680	1.928.083.121	6.027.606	14,63%	19,77%	297,10
MELILLA	78.476	14.398.281	165.439	0,18%	0,15%	183,47
MURCIA	1.470.069	259.748.059	-874.190	3,31%	2,66%	176,69
LA RIOJA	322.955	57.176.658	-344.116	0,73%	0,59%	177,04
VALENCIA	5.117.190	1.027.448.908	-1.986.590	11,54%	10,54%	200,78
TOTAL	44.362.039	9.751.768.377	8.445.132	100,00%	100,00%	219,82

(sen País Vasco e Navarra)

PARTICIPACIÓN POR TRAMOS DE POBOACIÓN

(Concellos Réxime Xeral e de Cesión incluídas
cantidades compensatorias IAE)

TRAMOS DE POBOACIÓN	Pob 2011	Partic Total	Liquidación	% Pob	% Part	Euros/Hab	Nº Municipios
Ata 100	61.379	9.799.066	339.073	0,14%	0,10%	159,65	1.035
Entre 101-1.000	1.330.571	198.204.476	2.840.258	3,00%	2,03%	148,96	3.533
Entre 1001-5.000	4.156.339	591.498.329	-821.589	9,37%	6,07%	142,31	1.796
Entre 5.001-10.000	3.646.806	573.153.973	-2.045.979	8,22%	5,88%	157,17	523
Entre 10.001-20.000	4.664.358	738.132.507	-1.338.014	10,51%	7,57%	158,25	329
Entre 20.001-50.000	7.052.976	1.211.024.005	1.248.498	15,90%	12,42%	171,70	239
Entre 50.001-75.000	2.981.428	559.491.227	2.703.498	6,72%	5,74%	187,66	48
Entre 75.001-100.000	2.735.177	502.185.746	144.639	6,17%	5,15%	183,60	32
Entre 100.001-500.000	10.110.507	2.147.935.643	1.146.386	22,79%	22,03%	212,45	52
Máis de 500.000	7.624.295	3.220.343.404	4.228.362	17,19%	33,02%	422,38	6
TOTAL	44.362.039	9.751.768.377	8.445.132	100,00%	100,00%	219,82	7.593